



A Xunta e a Administración central colaborarán en máis de 38.000 accións en 2010 en materia de inspección de traballo e prevención de riscos laborais



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a reunión da comisión territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia, na que se abordaron o programa e obxectivos para o próximo exercicio.

5



Voluntariado local, nacional, internacional e europeo participará no Xacobeo e prestará, por primeira vez, a súa colaboración nos nove camiños

10

As pensións contributivas incrementanse o 1% con carácter xeral e as pensións mínimas de viúvas e xubilados que viven sós e con baixos ingresos subirán un 4,6% en 2010

7

INFORME DO PARO REXISTRADO

Galicia pechou o mes de decembro con 222.839 persoas desempregadas, 6.011 máis que no mes anterior

- ▶ A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou que "non son datos bos", e apuntou que a Xunta traballará "con todas as súas forzas" para frear esta situación
- ▶ Destacou que este incremento mensual de ao redor de 6.000 persoas é inferior en 3.000 parados ao rexistrado no mesmo período (novembro-décembro) de 2008, xa que no exercicio anterior o aumento foi de 9.083.
- ▶ Galicia é a segunda comunidade onde menos aumentou o desemprego en termos interanuais, só por detrás de Estremadura.
- ▶ A representante autonómica sinalou que o paro diminuíu en 173 persoas entre os menores de 25 anos, e salientou que, por sectores, tamén baixou o desemprego no colectivo sen traballo anterior.

3

O Goberno fixa o SMI en 633,30

Madrid, 30 decembro de 2009.- O Consello de Ministros aprobou, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, Celestino Corbacho, a contía do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para o ano 2010 que se fixou en 633,30 euros mensuais, o que supón un incremento do 1,5% respecto á establecida en 2009.

Sumario	Formación-Emprego	2-3	Benestar	8-10
	Informe do para rexistrado	3	Xuventude	10
	Seguridade e saúde laboral	4-5	Publicacións	11
	Bit's	5-6	Normativa	11-22

FORMACIÓN-EMPREGO

Preto de 1.200 persoas desempregadas melloran a súa cualificación nas 45 iniciativas mixtas de formación-emprego

- ▶ **Xa están en marcha as 2 escolas obradoiros, os 40 obradoiros de emprego e as 3 unidades de promoción e desenvolvemento postas en funcionamento pola Consellería de Traballo e Benestar para o ano 2010**
- ▶ **O Goberno galego investiu neste programa máis de 26,3 millóns de euros**
- ▶ **Preto de 200 profesionais, que son os responsables dos diferentes proxectos, tamén se benefician do plan.**

Santiago, 31 de decembro de 2009.- As 45 iniciativas mixtas de formación-emprego (2 escolas obradoiros, 40 obradoiros de emprego e 3 unidades de promoción e desenvolvemento) da Consellería de Traballo e Benestar xa están en marcha.

Do programa, no que o Goberno galego investiu máis de 26,3 millóns de euros, forman parte preto de 1.200 persoas desempregadas que melloran xa a súa cualificación profesional para poder atopar con maior facilidade un posto de traballo. Na selección do persoal valorouse, de feito preferente, as persoas en paro que tivesen as súas prestacións por desemprego esgotadas.

Ademais, preto de 200 profesionais tamén se benefician da iniciativa autonómica. Eles ocupan os postos directivos, de xestión e docentes, e son os responsables dos diferentes proxectos en coordinación coas entidades promotoras.

As diferentes iniciativas repártense polas catro provincias galegas. As escolas obradoiros están dirixidas a persoas desempregadas menores de 25 anos e contan cunha duración de 18 meses (6 meses de formación e 12 meses de contrato). Pola súa banda, os obradoiros de emprego están destinados para persoas de 25 anos ou máis e teñen unha duración de 12 meses. O obxectivo nos dous casos é formar os participantes a través do desenvolvemento dun traballo efectivo, que xunto coa formación profesional para o emprego recibida, facilita a súa posterior integración no mercado laboral.

De feito, estes programas constitúen un exemplo de boas prácticas a nivel europeo, tanto pola súa metodoloxía que responde á filosofía de aprender traballando, como polos bos resultados que ofrecen desde a perspectiva da inserción laboral: unha porcentaxe próxima ao 80 por cento dos participantes adoitan atopar traballo nun curto prazo de tempo na especialidade na que recibiron a formación.

Así, os alumnos realizan obras ou prestan servizos de interese xeral ou social e cobran un salario, xa que as entidades promotoras formalizan un contrato. Os que for-



man parte das escolas obradoiro e casas de oficio perciben un salario de 468 euros ao mes e nos obradoiros de emprego é de 936 euros ao mes, logo de asinar os correspondentes contratos de formación.

Os 45 proxectos postos en marcha permitirán a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas no ámbito local. De aí, a importancia da colaboración institucional que existe entre a Xunta e os concellos para por en marcha os diferentes plans, xa que son as entidades locais as encargadas de promovelos, ademais de diversas asociacións representativas da sociedade.

Ademais da formación profesional, os participantes reciben durante todo o proxecto orientación e asesoramento profesional, empresarial e laboral, educación compensatoria para aqueles que non alcanzaron os obxectivos da ESO e módulos de seguridade e saúde no traballo, alfabetización informática, sensibilización co medio ambiente e en igualdade de xénero.

As especialidades

Entre as especialidades que xa se imparten destacan as relacionadas co medio ambiente, tanto no aspecto de rehabilitación paisaxística, como na creación de rutas de sendeirismo.

Ademais, as profesións tradicionais como son a carpintaría, a cantaría e a albanelaría seguen a ter unha gran demanda coa finalidade principal

de rehabilitar ou acondicionar elementos arquitectónicos ou patrimoniais, como fontes, muíños, antigas escolas unitarias ou lavadoiros.

Así mesmo, existen tamén iniciativas sociais como a axuda a domicilio ou a atención de persoas dependentes.

Outros proxectos de interese son a restauración dunha aldea enteira en Mos, a rehabilitación e urbanización dun poboado mineiro en Lousame, a creación dun xardín botánico en Cerceda, a promoción e divulgación da agricultura ecolóxica en A Baña, a adecuación de equipamentos públicos para persoas discapacitadas en Palas de Rei ou a construción de antigas barcas tradicionais e a recuperación de vellos pantaláns en Castrelo de Miño.

Tamén cómpre destacar a Unidade de promoción e desenvolvemento 'Coordina Local II', que promove o Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (BIC Galicia) dependente da Consellería de Economía e Industria. A finalidade desta iniciativa é a xestión, coordinación, apoio e avaliación da rede de técnicos de emprego de Galicia formada por máis de 600 persoas dependentes tanto de concellos como de universidades, asociacións de empresarios, sindicatos e outras entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro que contén entre os seus obxectivos a promoción empresarial e do emprego.

INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 5 de xaneiro de 2010.- Galicia pechou o pasado mes de decembro cun total de 222.839 persoas en situacións de desemprego, o que supón un incremento do paro rexistrado de 6.011 persoas con respecto ao mes anterior. En termos relativos, este aumento supón un 2,77 por cento, segundo explicou a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, que informou sobre a evolución do paro nunha rolda de prensa.

A representante autonómica da Consellería de Traballo e Benestar apuntou que a pesar de que se trata dun mes "tradicionalmente malo", "non son datos bos". Neste sentido, lembrou que este incremento de ao redor de 6.000 persoas é inferior –en preto de 3.000 parados– ao aumento rexistrado no mesmo período (novembro-décembro) de 2008, cando o ascenso dun mes a outro foi de 9.083 persoas.

Deste xeito, Díaz López apuntou que o último trimestre 2009 tivo "un comportamento menos malo" que o mesmo período do exercicio anterior, xa que en outubro, novembro e decembro de 2009 os incrementos do desemprego foron moito menores que os rexistrados en 2008.

No que se refire aos datos desagregados, a directora xeral fixo fincapé en que o desemprego descendeu en 173 persoas entre os menores de 25 anos con respecto ao mes de novembro. En

concreto, esta baixada detectouse nas mulleres desa idade (440 parados menos), aínda que no caso dos homes menores de 25 anos o paro aumentou en 267 persoas. Fronte a isto, o maior incremento produciuse entre os homes maiores de 25 anos, que supoñen un total de 5.359 parados máis.

Por sexos en xeral (incluíndo todas as franxas de idade), no caso dos homes o aumento foi de 5.626 persoas, e no caso das mulleres, de 385.

Ademais, o paro tamén baixou, con respecto ao mes anterior, no colectivo sen emprego anterior en 265 persoas (1,11 por cento), mentres que aumentou especialmente no sector da construción (2.940 persoas máis, un 8,84 por cento), e na industria (2.048 persoas, un 6,21 por cento).

No resto dos sectores tamén aumentou, en 791 persoas no sector servizos (0,65 por cento) e na agricultura e na pesca con 497 parados máis, o que supón un 8,5 por cento de diferenza.

Por provincias, a directora xeral de Formación e Colocación apuntou que o número de desempregados aumentou nos catro territorios, producíndose o maior incremento en Pontevedra con 2.701 parados máis.

Por concellos, houbo un descenso do paro rexistrado en 60 localidades destacando. Por comarcas, a baixada rexistrouse en 7, e o incre-

mento en 46.

A segunda comunidade con menos aumento


Díaz López resaltou que Galicia é, en termos interanuais, a segunda comunidade (só por detrás de Estremadura) onde menos aumentou o número de parados, xa que se rexistraron 32.936 persoas máis en situación de desemprego, o que supón un 17,3 por cento fronte ao 25,4 por cento do Estado.

No que se refire aos datos estatais, no mes de novembro os parados aumentaron en 54.657 persoas, o que supón unha variación de 1,41 por cento, o que sitúa a cifra de parados en España en 3.923.023 persoas.

Por outra banda, a representante autonómica fixo referencia tamén á evolución dos contratos rexistrados, sobre os que destacou que o 8,52 por cento dos totais firmados en Galicia (4.028) foron de carácter indefinido, fronte ao 7,54 por cento que se rexistrou na media estatal, o que reflicte, segundo Díaz López, "un pouco máis de estabilidade". En total, na comunidade galega rexistráronse en decembro un total de 47.256 contratos.

Logo de detallar todos os datos, a directora xeral explicou que "un dato malo sempre é preocupante" e asegurou que a Xunta de Galicia "traballará con todas as súas forzas" para frear a destrución de emprego.

Evolución do paro:



Galicia pechou novembro cun total de 3.548 accidentes laborais, 195 menos que no mesmo período de 2008

Santiago, 29 de decembro de 2009.- Galicia rexistrou un total de 3.548 accidentes en xornada laboral durante o mes de novembro, 195 menos que no mesmo período do ano anterior cando se produciron 3.743. Este descenso produciuse en tres das catro provincias, A Coruña, Lugo e Pontevedra, mentres que se rexistrou un incremento en Ourense, onde se produciron 20 accidentes máis, o que significa un incremento dun 6,1%.

Esta diminución global, 195 accidentes menos, debeuse sobre todo aos accidentes leves, xa que a redución nos graves e mortais foi máis reducida.

Por provincias, segundo o seu índice de incidencia, dato para o que se ten en conta o número de traballadores afiliados, Lugo e Ourense foron as dúas provincias que presentaron un mellor comportamento, seguidas da Coruña e Pontevedra.

Por sectores, e facendo a comparación de toda Galicia co mesmo mes do ano anterior, houbo baixadas en todos agás no sector servizos, estando o maior descenso da sinistralidade na Industria, xa que, mentres que no mes de novembro do pasado ano houbo un total de 1.262 accidentes durante a xornada de traballo, neste ano contabilizáronse 1.092, é dicir, 170 accidentes menos ou unha diminución do 13,47%.

Pola contra, os Servizos foron os únicos onde non houbo unha baixada no número de accidentes de traballo, pasando dos 1.346 do mes de novembro do ano pasado aos 1.413 do mesmo mes deste ano, o que supón unha subida de arredor do 5%. Neste eido, é preciso lembrar que estas comparacións deben tomarse de xeito orientativo, por mor da diferenza que supón o emprego de diferen-

te Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) nos anos 2008 (CNAE 93) e 2009 (CNAE 2009), o que non permite facer unha comparación exacta, ao diferir o encadramento das empresas nos sectores de actividade.

Accidentes graves e mortais

Polo que respecta aos accidentes graves, o mes de novembro rexistrou un leve descenso no dato interanual, dos 53 rexistrados en novembro de 2008 pasouse aos 52 deste ano, o que supón un 1,9% menos. Por provincias, houbo baixadas en Lugo, 4 accidentes menos (57,1%), e en Ourense onde foron 2 menos (50%); na Coruña houbo o mesmo número de accidentes, e en Pontevedra pasaron de 24 a 29 accidentes graves, o que supón un incremento dun 20,1%. Por provincias, de menor a maior sinistralidade grave sitúanse: Ourense (2), Lugo (3), A Coruña (18) e Pontevedra (29).

Os accidentes mortais en xornada laboral tamén diminuíron en relación co mesmo mes do ano anterior, ao pasar dos 8 do ano pasado aos 7 deste. Por provincias, destaca a ausencia de sinistros mortais en Ourense, mentres que A Coruña e Lugo rexistraron dous cada unha e Pontevedra 3.

Neste mes non se contabilizou ningún accidente mortal in itinere, é dicir, no camiño do traballo á casa ou da casa ao traballo, cando no ano pasado houbo 3.

Polo que respecta á análise da causa dos sinistros mortais en xornada laboral, esta desprende que dos 7 sinistros mortais, 4 foron por "infarto, derrame cerebral ou outra patoloxía" (57,14%), 2 por "golpe sobre ou contra un obxecto inmóvil

resultado dunha caída do traballador (28,57%), e 1 por "choque cun obxecto, vehículo ou persoa (traballador en movemento)" (14,29%).

Datos acumulados do 2009

Entre xaneiro e novembro de 2009, tiveron lugar en Galicia 37.067 accidentes en xornada laboral, o que significa un total de 10.031 menos, sobre un 21,3% menos que nos once primeiros meses do ano pasado.

Pontevedra foi a provincia onde se rexistra o maior descenso na sinistralidade nestes once meses, tanto no número total de accidentes ocorridos coma en porcentaxe, en relación co mesmo período do pasado, ao pasar dos 18.612 a 13.851 o que supón 4.761 accidentes menos (un 25,58%).

A Coruña situouse en segundo lugar en número e terceira en porcentaxe de diminución, con 3.691 accidentes menos (de 19.953 a 16.262), cunha diminución dun 18,50%. En Ourense houbo, de xaneiro a novembro, un total de 3.377 accidentes, dato que contrasta cos 4.198 rexistrados o ano pasado, o que supón unha diminución en 821 ou nunha porcentaxe do 19,56%. Por último, en Lugo tiveron 758 accidentes menos, xa que se pasou de 4.335 a 3.577 ou un 17,49% de diminución.

Se temos en conta os traballadores afiliados, a maior diminución da incidencia tivo lugar nas provincias de Pontevedra, A Coruña, Ourense e Lugo por esta orde, sendo Lugo a provincia de menor índice de incidencia de accidentes totais acumulados. É de salientar a semellanza das cifras que se acadaron neste ano nos índices entre as provincias da Coruña e Pontevedra.

	2008			2009		
	Poboación afiliada	AT	Índice de incidencia	Poboación afiliada	AT	Índice de incidencia
A Coruña	364.344	1.671	458,63	350.350	1.526	435,56
Lugo	102.858	388	377,22	99.511	329	330,62
Ourense	84.725	328	387,13	81.873	348	425,05
Pontevedra	308.555	1.356	439,47	292.191	1.345	460,32
Totais...	860.482	3.743	434,99	823.925	3.548	430,62

Índice de incidencia dos accidentes totais en xornada laboral no mes de novembro por provincias

SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a reunión da comisión territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia, na que se abordaron o programa e obxectivos para o próximo exercicio



Santiago, 21 de decembro de 2009.- A Consellería de Traballo e Benestar e a Inspección de Traballo, dependente da Administración central, colaborarán ao longo de 2010 en máis de 38.000 accións en materia de inspección de traballo, así como en prevención de riscos laborais.

Así se expuxo no transcurso da reunión da comisión territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia, á que asistiron representantes das administracións central e autonómica e que foi presidida pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato.

Un dos principais obxectivos desta xuntanza é abordar o programa e os obxectivos de cara ao

próximo exercicio. Mato explicou que destacan, entre todas as actuacións planificadas, as dirixidas a incrementar o control da economía irregular e as condicións de traballo da poboación estranxeira (o 44 por cento do total das actuacións), xunto coas áreas de prevención de riscos laborais e relacións laborais (32 por cento). En concreto, no caso deste último eido de actuación, trátase dunha competencia, fundamentalmente, da Administración autonómica.

A conselleira insistiu en que o programa e os obxectivos marcados son "froito da coordinación entre a Administración central e autonómica", que xa mantiveron unha reunión o pasado mes de novembro. Neste mesmo sentido, incidiu en que

a cooperación "é fundamental" en tanto as competencias de inspección de traballo son da Administración central, e a de prevención de riscos e relacións laborais, do Goberno galego.

Ademais, Mato resaltou que o momento actual de crise "obriga a nos permanecer moi vixiantes no referente ao cumprimento da lei e da prevención de riscos laborais", e recoñeceu que aínda queda "camiño por percorrer". Por iso, apostou polas accións de inspección e control como ferramentas "que hai que empregar para subsanar as posibles deficiencias existentes", e defendeu que hai que realizar un "idéntico esforzo" en materia de concienciación.

2 millóns de euros a compensar os gastos derivados da participación institucional de patronal e sindicatos

Santiago, 25 de decembro de 2009.- A Consellería de Traballo e Benestar destina un total de dous millóns de euros -a través dun convenio de colaboración- á patronal e aos sindicatos UGT-Galicia, CCOO e CIG, co fin de fomentar a participación institucional destes axentes, a través da compensación dos gastos que se derivan da súa presenza en distintos órganos decisorios da Administración autonómica.

De feito, a participación institucional destas entidades, as máis representativas, reflíctese en que forman parte de máis de 40 órganos existentes, tanto de carácter consultivo -un exemplo sería o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral-, ou de dirección de determinados órganos ou entes, como pode ser a participación no Consello Galego de Relacións Laborais.

Mato anuncia que as mesas sectoriais da automoción e do naval do proceso do diálogo social se abrirán no mes de xaneiro

Santiago, 17 de decembro de 2009.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, anunciou hoxe que as mesas sectoriais dentro do diálogo social, entre as que destacan a da automoción e a do naval, se abrirán no mes de xaneiro co obxectivo de abordar polo miúdo a problemática concreta do sector do metal en Galicia. "Xa o fixemos desde a nosa chegada ao Goberno, pero agora, de xeito inmediato, imos dotar todas esas accións de ferramentas eficaces e compartidas cos axentes sociais", explicou.



Calendario laboral. As festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 serán as seguintes:

XANEIRO							FEBREIRO							MARZO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	7
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	8	9	10	11	12	13	14
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	15	16	17	18	19	20	21
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	22	23	24	25	26	27	28
25	26	27	28	29	30	31								29	30	31				
ABRIL							MAIO							XUÑO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4						1	2		1	2	3	4	5	6
5	6	7	8	9	10	11	3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13
12	13	14	15	16	17	18	10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20
19	20	21	22	23	24	25	17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27
26	27	28	29	30			24	25	26	27	28	29	30	28	29	30				
XULLO							AGOSTO							SEPTEMBRO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4							1		1	2	3	4	5	6
5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13
12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20
19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27
26	27	28	29	30	31		23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31			
OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7			1	2	3	4	5
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	20	21	22	23	24	25	26
25	26	27	28	29	30	31	29	30						27	28	29	30	31		

As festas de carácter local, inhábiles para os efectos laborais, retribuídas e non recuperables, para o ano 2010, para os concellos pertencentes ás provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra figuran na resolución do 2 de novembro de 2009 (DOG nº 227, do 19.11.09).

O Goberno galego incrementa nun 40% as axudas de emerxencia social aos emigrantes

Montevideo, 7 de decembro de 2009.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, anunciou que o Goberno galego incrementou nun 40% as axudas de emerxencia social aos emigrantes no transcurso da inauguración do IX Consello de Comunidades Galegas, que se celebrou en Montevideo (Uruguai). A titular do departamento autonómico destacou que a medida pretende "paliar a situación de crise especialmente grave dalguns emigrantes".

Máis de cen anciáns, menores ou persoas con discapacidade utilizan o dispositivo de localización do Programa 'Acompáñote'

A iniciativa, que financia a Consellería de Traballo e Benestar e xestiona Cruz Vermella, consiste en pór a disposición dos coidadores familiares de persoas dependentes ou fráxiles que residen nos seus propios domicilios, un pequeno equipo que integra un teléfono móbil con tecnoloxía GSM e un módulo de localización xeográfica vía satélite (GPS) cun centro de control dende o que é posible recuperar a posición exacta de calquera dos equipos. Desta maneira, este dispositivo permite aos coidadores da persoa coñecer en todo momento onde se atopa o seu familiar.

Mato adianta que xa está "moi avanzado" o borrador do primeiro Plan de acción integral para as persoas con discapacidade

Santiago, 3 de decembro de 2009.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, adiantou hoxe con motivo do Día Internacional da Discapacidade que o borrador do primeiro Plan de acción integral para persoas con discapacidade de Galicia está "moi avanzado". Ao respecto, definiu este proxecto como unha ferramenta "eficaz e operativa ao servizo da coordinación de todas as políticas e servizos da Administración" dirixidas a este colectivo.

Real Decreto 2007/2009, 23 de diciembre, sobre revalorización de las pensiones del sistema de la Seguridad Social y de otras prestaciones sociales públicas para el ejercicio 2010.(BOE nº 313, do 29.12.09).

CONTÍAS DE PENSIONES MÍNIMAS 2010

	Importe 2009 euros mes	Importe 2010 euros mes, (con IPC previsto do 1%)	Subida 2010 (%)
XUBILACIÓN			
Titular con 65 ou máis anos			
Con cónxuxe a cargo	696,19	725,20	4,17%
Con cónxuxe non a cargo	546,55	557,50	2,00%
Sen cónxuxe: Unidade ec.unipersoal	561,55	587,80	4,67%
Titular menor de 65			
Con cónxuxe a cargo	651,63	679,70	4,31%
Con cónxuxe non a cargo	509,28	519,50	2,01%
Sen cónxuxe: Unidade ec.unipersoal	524,28	549,80	4,87%
INCAPACIDADE PERMANENTE			
Gran invalidez (contén aos maiores de 65 anos)			
Con cónxuxe a cargo	1.044,29	1.087,80	4,17%
Con cónxuxe non a cargo	818,83	836,30	2,13%
Sen cónxuxe: Unidade ec.unipersoal	842,33	881,70	4,67%
Absoluta			
Con cónxuxe a cargo	696,19	725,20	4,17%
Con cónxuxe non a cargo	546,55	557,50	2,00%
Sen cónxuxe: Unidade ec.unipersoal	561,55	587,80	4,67%
Total de 60 a 64 anos			
Con cónxuxe a cargo	651,63	679,70	4,31%
Con cónxuxe non a cargo	509,28	519,50	2,01%
Sen cónxuxe: Unidade ec.unipersoal	524,28	549,80	4,87%
Total derivada de EC menor de 60 anos			
Con cónxuxe a cargo	358,20	365,40	2,01%
Con cónxuxe non a cargo	343,20	(*)	
Sen cónxuxe: Unidade ec.unipersoal	358,20	365,40	2,01%
VIUVEZ			
Titular con cargas familiares	651,63	679,70	4,31%
Titular con 65 ou máis anos ou discapacidade >65%	561,55	587,80	4,67%
Titular entre 60 e 64 anos	524,28	549,80	4,87%
Titular menor de 60 anos	421,41	444,90	5,57%
ORFANDADE			
	175,82	179,40	2,04%
FAVOR FAMILIAR			
	175,82	179,40	2,04%
SOVI (pensións revalorizables)			
	368,33	375,70	2,00%

(*) 55% da base mínima de cotización do réxime xeral

Benestar porá en marcha no primeiro trimestre de 2010 a segunda fase do módulo Nelson Mandela para a reinserción social dos internos do cárcere de Teixeiro



- Mato presentou en rolda de prensa o contido da iniciativa na que a consellería investirá 94.000 euros anuais
- A actividade inclúe diversas novidades entre as que destacan a creación dunha escola de pais e nais e outra de parella para preparar aos internos no reencontro

coas súas familias

- O proxecto inclúe a proposta de que os internos podan dispor dun piso de acollida e do acompañamento de voluntarios durante a súa primeira etapa de liberdade para acadar a reinserción social.

A participación na actividade é totalmente voluntaria e abrangue desde as habilidades sociais e familiares ata a orientación laboral. Aqueles internos que desexen formar parte da actividade deberán pasar previamente un proceso de selección que ratificará a súa idoneidade. É preciso destacar que se terá en conta a motivación e a voluntariedade dos presos.

Escolas de pais e nais e de parella

O módulo pretende que os internos se convertan no elemento dinamizador da iniciativa e, por iso, estarán ocupados oito horas ao día, sen contar o desenvolvemento das actividades de mantemento e limpeza do seu espazo persoal.

Así, existen unha serie de actividades obrigatorias e voluntarias, segundo o perfil do participante. Desta forma, o tempo dividirase a partir das entrevistas persoais e en diversos apartados. Destacan a educación formal que inclúe desde a alfabetización ata a continuidade dos estudos no caso de non estar rematados, pasando por outros coñecementos como a informática, por exemplo, e a educación para a saúde que contará con obradoiros de intelixencia emocional, así como educación afectiva, sexual e o coñecemento de hábitos saudables e hixiénicos.

Outro dos apartados do módulo será a formación para o traballo con obradoiros ocupacionais, de formación profesional ocupacional e de busca de emprego. Tamén resaltan actividades relacionadas coa educación variada e a preparación dos internos para o reencontro coas súas familias. Neste sentido, a conselleira explicou que se traballará tamén coas familias. "Son aspectos que poden ser moi complicados de afrontar na nova etapa de liberdade, polo que se creará unha Escola de Pais e Nais e outra da Parella", apuntou.

Así mesmo, no módulo integraranse outros programas das consellerías de Traballo e Benestar e de Sanidade que poidan aplicarse no marco penitenciario.

Por último, o módulo contará cunha asemblea de representantes e haberá reunións periódicas para compartir experiencias. "O que pretendemos é establecer unhas pautas de convivencia e adquisición de habilidades, xa que a meta é a xestión da propia liberdade de cada persoa e a súa inserción efectiva na sociedade", rematou Mato.

Santiago, 18 de decembro de 2009. - A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha no primeiro trimestre do ano 2010 a segunda fase do módulo de preparación para a liberdade Nelson Mandela no centro penitenciario de Teixeiro.

A iniciativa, cuxo obxectivo fundamental é a reinserción social dos presos, iniciará unha nova etapa con diversas novidades, tal e como explicou en rolda de prensa a conselleira Beatriz Mato, quen estivo acompañada no acto polo coordinador xeral do proxecto, Enrique Arnanz, e pola directora do cárcere de Teixeiro, Silvia Alonso. "Este proxecto converte a Galicia en pioneira na posta en marcha deste tipo de actividades, que xa o viña sendo, e agora, ademais, se lle dá un novo pulo", apuntou.

No módulo, que se desenvolverá en colaboración co Ministerio do Interior, poderán participar nesta nova etapa presos de todas as idades, xa que ata agora só estaba dirixido aos máis mozos. Formarán parte diste entre 100 e 120 persoas artelladas en equipos de traballo de máis ou menos dez persoas cada un. Cada grupo dividirase en oito ou nove zonas de limpeza, de xeito que cada un deles comprometerase ao mantemento da orde e limpeza do seu espazo correspondente. Na primeira fase, que comezou no 2007, participaron 70 persoas.

Para desenvolver o proxecto, a consellería colaborará economicamente con 94.000 euros anuais que se destinarán fundamentalmente ao mantemento do seu equipo de inclusión sociolabo-

ral que está formado por unha pedagoga, unha educadora e unha traballadora social.

Outro dos avances importantes na prolongación do módulo, que forma parte do II Plan Galego de Inclusión Social, é o feito de que se deseñaron itinerarios de acompañamento posterior dos presos que acaden a súa liberdade. Así, o proxecto propón que os internos estean acompañados por un grupo de voluntarios durante a súa primeira etapa de liberdade, e que podan dispor dun piso de acollida con esta mesma finalidade.

Beatriz Mato destacou este último aspecto ao tempo que subliñou a importancia de que se levará a cabo unha comunicación do módulo co exterior e viceversa de cara á normalización. Así, explicou que o Goberno galego comprométese a colaborar para o establecemento de redes de coordinación coas entidades empresariais, profesionais e sociais que teñan algo que aportar neste sentido.

Con todas estas características, a titular de Traballo e Benestar indicou que o proxecto defínese como un módulo educativo, terapéutico e convivencial. "O módulo Nelson Mandela proporcionará, ademais dunha serie importante de habilidades, valores como a igualdade, o respecto polos demais e por un mesmo, a normalización, a importancia de aproveitar o tempo, a autoestima e o valor dos sentimentos", afirmou Mato. En definitiva, afirmou que se trata de pór en mans dos internos "as ferramentas básicas para volver ao día a día, á familia e á sociedade sen conflitos".

Mato aposta por reforzar os programas de inserción das axudas económicas dirixidas ás persoas en risco de exclusión



► A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a Mesa autonómica da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).

Santiago, 15 de decembro de 2009.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avanzou que a Administración autonómica considera que os programas de inserción e de adquisición de habilidades sociais que acompañan á Renda de Integración Social de Galicia (Risga) "deben ser reforzados", porque as políticas de benestar "teñen que ir máis alá da mera subsistencia".

Mato realizou estas declaracións durante a súa intervención na Mesa autonómica do Risga, que presidiu en Santiago de Compostela e que está composta por membros de distintos departamentos da Administración autonómica, xunto con representantes dos concellos, dos sindicatos e das organizacións empresariais.

Durante a súa intervención, a conselleira reflexionou que o "éxito" nestes programas "está nas baixas que se producen", porque iso significa que desapareceu a situación de risco ou mudou o escenario familiar.

A titular do departamento autonómico explicou, ademais, que existe un "incremento importante" das solicitudes de axudas económicas para persoas con dificultades de inserción social. En concreto, as peticións da Risga e da Axuda de Emerxencia Social (AES) suman un total de 5.749 nos tres primeiros trimestres do ano (foron 2.609 no caso da Risga, e 3.140 de AES).

Neste sentido, apuntou que este aumento débese

a que a crise económica "está a acentuar" as dificultades para as persoas que xa estaban en risco de exclusión, e que "mesmo está poñendo en serios apuros as economías de familias que ata o momento podían cumprir coas súas obrigas esenciais e atender as súas necesidades básicas".

Ante esta situación, a titular do departamento autonómico manifestou que estas persoas "son prioritarias" para o Goberno galego "porque a crise non pode recaer sobre os máis vulnerables da sociedade".

Acción transversal

Por iso, e co fin de minimizar os riscos para as familias ou persoas que parten en "situación de desvantaxe", a Consellería de Traballo e Benestar está a articular unha acción transversal.

Entre as diferentes actuacións que se porán en marcha, Mato anunciou que en 2010 publicarase a orde de subvención ás empresas de inserción laboral para fomentar o emprego das persoas en risco de exclusión social, así como a orde para subvencionar programas integrados para o emprego destinados a desempregados de colectivos desfavorecidos.

A isto hai que sumarlle unha novidade, unha axuda pensada para inmigrantes e que será publicada proximamente. Ten como obxectivo a súa orientación, formación e inserción laboral.

Por outra banda, a principios de 2010, publicaranse ordes de subvención a entidades de iniciativa social para fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo de persoas en risco de exclusión. Ademais, renovaranse os convenios cos concellos para o mantemento dos equipos de inclu-

sión sociolaboral.

No que respecta tamén a convenios, nos primeiros meses do próximo ano, asinaranse dous relacionados co colectivo xitano: o programa ACCEDER (de acompañamento e inserción laboral do colectivo) e outro vinculado ao Plan de Desenvolvemento Xitano, para cofinanciar a prestación de servizos sociais das corporacións locais.

Con todo, Mato mostrouse aberta a escoitar todas as propostas "que poidan servir para mellorar a axuda de inserción para estas persoas" e destacou a importancia da coordinación cos concellos e coas entidades de iniciativa social.

Case 670 solicitudes máis

Durante os tres primeiros trimestres de 2009, presentáronse un total de 2.609 solicitudes da Risga, o que supón 664 peticións máis que no mesmo período de 2008. Ademais, as demandas de AES tamén medraron, en concreto, houbo 3.140, isto é, 661 solicitudes máis que no ano anterior.

Así, a 30 de setembro deste ano había en Galicia 4.679 persoas beneficiarias de Risga, fronte ás 4.214 que había na mesma data de 2008. No que respecta ás AES, nese mesmo período, eran 1.933 as axudas concedidas, fronte ás 1.634 do exercicio anterior.

Estas cifras supoñen que ao longo de 2009 executouse un custo maior que nos mesmos meses dos anos anteriores. En concreto, e no caso da Risga, o incremento respecto ao 2008 foi do 10,4 por cento, preto de 1,5 millóns máis, ata chegar aos 15,6 millóns de custo executado ata setembro de 2009.

Mato asegura que a Xunta ultima o Plan de Autonomía Persoal para as Persoas Maiores de Galicia



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou hoxe en Santiago no acto de presentación do libro *'Manual de autoayuda para un envejecimiento saludable y feliz'* escrito por José Antonio Flórez Lozano e editado pola Obra Social de Caixa Galicia
- ▶ O proxecto que está a deseñar o departamento autonómico será unha ferramenta para coordinar todas as políticas dirixidas a mellorar a calidade de vida das persoas maiores.

Santiago, 16 de decembro de 2009.- O Goberno galego xa ten ultimado o Plan de Autonomía Persoal para as Persoas Maiores de Galicia. Así o avanzou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, no acto de presentación do libro *'Manual de autoayuda para un envejecimiento saludable y feliz'* que se celebrou en Santiago. Trátase dunha obra escrita polo mestre José Antonio Flórez Lozano e editada pola Obra Social de Caixa Galicia.

Mato concretou que o plan que se está a deseñar é "unha ferramenta que nos servirá para coordinar todas aquelas políticas e accións dirixidas á mellora da calidade de vida dos maiores". Destacou, ao respecto, que "este instrumento pretende ser, ademais, un vehículo para as relacións interxeracionais" e subliñou que "estamos a falar de políticas extensas, e non intensivas nin coxunturais, xa que se trata dunha nova concepción e xeito de vida dos nosos maiores".


Neste sentido, a titular de Traballo e

Benestar explicou que a Xunta entende que os maiores son "un pilar da sociedade, como elemento activo e participativo". Por iso, engadiu que a sociedade galega ten que deixar de pensar nos maiores en termos de xubilación ou de retiro. "O que está caduco é este concepto, non os nosos maiores", resaltou.

Mato apuntou que os países onde se puxeron en marcha programas consolidados de promoción de envellecemento activo lograron reducir as súas taxas de dependencia. É o caso doutros países da Unión Europea, dixo. "Este é o camiño que desexa tamén emprender e consolidar a Consellería de Traballo e Benestar", engadiu.

Por último, a conselleira resaltou a necesidade de establecer unha coordinación entre os servizos de saúde de atención primaria e os servizos sociais como punto de partida antes da aplicación de programas específicos para a promoción da vida activa das persoas maiores.

Presentación do programa de voluntariado de cara ao Ano Xubilar



Santiago, 22 de decembro de 2009.- Voluntarios galegos, doutras comunidades, xunto con europeos e doutros continentes participarán no Xacobeo grazas ao programa de voluntariado posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, e pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo. Todos eles prestarán os seus servizos, por primeira vez, nos nove Camiños.

Así o explicaron o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, e o director-xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Ignacio Santos, durante o transcurso dunha rolda de prensa. Ambos destacaron o importante papel que desenvolven os voluntarios.

En concreto, Rodeiro sinalou que este programa "é un dos plans de voluntariado máis ambiciosos", e apuntou que, por primeira vez, os campos de traballo se sumarán a iniciativa, así como o voluntariado lingüístico con participantes de 19 países.

Pola súa banda, Santos fixo fincapé no "importantísimo labor" que desenvolven os voluntarios, xa que o seu traballo será "fundamental para que todos aqueles que nos visiten leven consigo unha inmejorable imaxe de Galicia".

No que se refire aos detalles do plan, o director de Xuventude anunciou que o próximo 15 de xaneiro ábrese o prazo para que todos os que estean interesados poidan inscribirse no programa de voluntariado local do Xacobeo, que estará por primeira vez nos nove Camiños de Santiago. As tarefas que desenvolverán os participantes serán, basicamente, informativas, culturais e de enlace dos peregrinos con outros organismos e persoas.

Rodeiro detallou que este programa levará a cabo distintas actividades que se desenvolverán ao longo do Ano Xubilar. En concreto, fixo referencia aos voluntarios locais, aos campos de traballo no Camiño, ao voluntariado sanitario e ao proxecto "Eu Camiño".



NORMATIVA DOG

